

Ollar atento !

M. María é unha persoa atenta a todo o que acontece ao seu redor, reflexiona sobre os problemas e reflícteos nos seus escritos, non só na súa poesía, senón tamén na súa prosa, relatos curtos e contos. Non é para laiarse deles. É para dalos a coñecer e poñerlles solución.

Le con atención o seguinte párrafo do relato *A Abella chamábase Avesás*, do libro *Kricóí, Fanoi e D. Lebonís*.

A abella Avesás era sempre a primeira en despertar. Así que alpeiraba do leito púñase a varrer e a limpar moi limpiño o trobo ou cortizo. Despois limpábase ela mesma. No medio da horta estaba o pozo do que se servía o señor Xiao e as súas xentes e ao pé do pozo había unha pía de canterías que sempre tiña auga. A abella-Avesás íase lavar a esa pía e no bo tempo aínda pegaba os seus samargullos. Logo voltaba ao trobo ou cortizo e papaba o seu almorzo. Despois de almorzar, coa barriga ben chea, ía pró seu traballo. Traballaba ben e a conciencia. O traballo dunha abella ten moitos perigos e dificultades. Dende que apareceron os insecticidas moitísimas abellas non voltaron aos seus trobos ou cortizos. Morreran envelenadas.



E é que agora bótanlles insecticidas á vide, ás patacas e incluso a moitas árbores frutais. Por iso ela, antes de pousarse sobor dunha flor procuraba examinala moi coidadosamente. Os insecticidas -como xa queda explicado- están practicamente rematando coas abellas.

1 Seguro que hai palabras descoñecidas para ti no texto: alpeiraba, samargullos, trobos, cortizos, pía... pronúnciaas en voz alta. Soan tan ben que parece que levan música. Antes de miralas no dicionario, podes xogar a imaxinar ti o seu significado, logo comprobas se acertache.

alpeiraba, _____

samargullos, _____

trobos, _____

cortizos... _____

pía _____

Unidade 10

2 Hai dúas palabras para nomear a casa onde viven as abellas. O noso idioma é tan rico que temos máis dunha palabra para nomear cada cousa. Escribe cinco obxectos que se poidan chamar de varias formas

3 Cales pensas ti que son os problemas que lle preocupan á abella Avesás?

4 Paréceche a ti que as persoas teñen problemas semellantes aos que preocupan a abella Avesás? Apunta algún.

5 A abella Avesás parece moi traballadora, fai un listado de todos os traballos que fai

6 Como se chama o alimento que fabrican as abellas e que sabe tan ben?

Sabes como o fabrican? Podes investigar preguntando na túa casa.

7 Quen de vós sabe algunha receita de cociña estupenda que se faga con mel?

Ingredientes:







Xeito de preparalo:






